

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso nas categorías/grupos da entidade instrumental Axencia Turismo de Galicia (ATURGA), que figuran convocadas na oferta pública de emprego extraordinaria recollida no Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública (XUNTA DE GALICIA).

TEXTO:

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consumen taxa de reposición.

A dita lei recolle que, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016.

En virtude do Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de

decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Anexo I do decreto identifica 9 prazas de persoal laboral da Axencia Turismo de Galicia a cubrir pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso. Con posterioridade a publicación do Decreto, engadíronse 5 prazas as 11 que figuran no Decreto.

As prazas correspondentes ao concurso oposición adscritas ao Centro Superior de Hostelería de Galicia ofértanse fora do ámbito do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Así mesmo cómpre sinalar que en desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba *a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Consellería de Facenda e Administración Pública, no uso das competencias que lle atribúe a dita Lei 2/2015, do 29 de abril, (en diante LEPG),*

RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso nas seguintes categorías:

PROFESOR/A DE HIXIENE, DIETÉTICA E NUTRICIÓN

Centro Superior de Hostalaría de Galicia

Axencia Turismo de Galicia

PROFESOR/A PRÁCTICAS DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS

Centro Superior de Hostalaría de Galicia

Axencia Turismo de Galicia

I. Normas xerais.

I.1 O obxecto do proceso selectivo será cubrir as prazas das distintas categorías que se especifican nos anexos desta convocatoria correspondentes á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

O sistema selectivo será o de concurso oposición.

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, A Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021, a Lei galega de medidas urxentes de redución da temporalidade así como o convenio colectivo de aplicación no ente.

I.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) desta convocatoria e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos, excepto para os requisitos de titulación que se estará ao disposto na base I.2.3.

I.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación do anuncio no DOG da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, o título esixido como requisito ou súa equivalencia. A tal efecto, e para o suposto que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, sinalarase polo órgano convocante un prazo de presentación nun momento anterior á confección polo tribunal da listaxe de persoas. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas aprobadas.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

As titulacións esixidas son:

PROFESOR/A DE HIXIENE, DIETÉTICA E NUTRICIÓN

Licenciatura ou grao específico en Nutrición Humana e Dietética e/ou Farmacia con formación específica en Normalización e Lexislación Alimentaria, Microbioloxía e Parasitoloxía alimentaria, Dietética e máis en Calidade dos Alimentos.

PROFESOR/A PRÁCTICAS DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS

Diplomatura, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou equivalente, ou outros títulos de técnico superior de formación profesional declarados equivalentes, para os efectos de **apoio na** docencia. Así mesmo, considerase titulación equivalente a efectos deste proceso os diplomas superior de xestión de empresas hoteleiras e o gran diploma en xestión e dirección de empresas hoteleiras.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que estean en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

I.2.4. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos

públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

I.2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria.

I.3 Solicitudes.

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán empregar o modelo de solicitude que figura no anexo I da presente convocatoria e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do 9 de xaneiro de 2023.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude preferentemente por medios electrónicos, a través del formulario PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> debidamente cumprimentada e asinada polo interesado/a, xunto co formulario anexo 1 debidamente asinado, a copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases.

Ditas instancias deberán ir dirixidas ao director da Axencia Turismo de Galicia.

Tamén poderán presentarse nos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das administracións públicas; neste caso, a persoa aspirante deberá notificar o envío da documentación á Axencia Turismo de Galicia mediante correo electrónico rrhh.turismo@xunta.gal no mesmo día da presentación. O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para

os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio

O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web da Axencia Turismo de Galicia

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de "Idioma do exame", se o texto do cuestionario do exercicio deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar esta opción elixida.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar na modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán aboar a taxa seguinte segundo a praza na que se presenten:

- 30.03.02 correspondente ao grupo I por importe de 44,17 €.
- 30.03.02 correspondente ao grupo II por importe de 38,02 €.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

I.3.4 Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

A Axencia Turismo de Galicia devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa Axencia Turismo de Galicia no número 881-996537

I.3.2 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día 9 de xaneiro de 2023.

I.3.3 As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

b) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.

c) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.

d) Copia do título do Celga IV ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)

e) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

f) Documentación xustificativa dos méritos alegados. Deberá incluírse no impreso da instancia unha relación nominal dos méritos achegados.

Os méritos alegados deberán referirse a data de publicación do anuncio no DOG da resolución da convocatoria.

O procedemento de acreditación de méritos figura no anexo II da presente convocatoria

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Axencia Turismo de Galicia aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución cuxo anuncio de exposición será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

Xunto coa resolución anterior, a Axencia Turismo de Galicia, no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional> a listaxe de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditar estar en posesión do Celga requirido.

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do celga requirido.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución denominación do ente que cuxo anuncio de exposición será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo do ente.

Xunto coa resolución anterior, denominación do ente, no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional> a listaxe de persoas aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega requirida.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proba de coñecemento da lingua galega.

A dita proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao corpo grupo escala ou categoría ao que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido. Para todos as categorías da presente convocatoria, o nivel de galego esixido será o Celga IV.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para os grupos e categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga IV.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG da resolución pola cal a Dirección Xeral da Función Pública publica as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posúan antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga IV ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do tribunal.

I.4.3.3. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo

realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

I.4.3.4. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

I.4.3.5. O exercicio realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

I.4.3.6. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

I.4.3.7. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

I.4.3.8. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG.

I.4.3.9. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional> (apto ou non apto)

Concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da resolución de exposición do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega na páxina <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

I.4.3.10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Axencia Turismo de Galicia para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a directora da Axencia Turismo de Galicia proporá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a orde que corresponda.

I.4.3.11. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

III. Proceso selectivo

A selección do persoal realizarase en dúas fases: oposición, que outorga o 60 % da puntuación total; e concurso, que outorga o 40 % da puntuación. So terán acceso ás fases as persoas aspirantes que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaren a proba habilitada.

Primeira fase:

1. Exame tipo test.

PROFESOR/A DE HIXIENE, DIETÉTICA E NUTRICIÓN

Exercicio tipo test sobre o temario de programa que figura no anexo II. A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario teórico de setenta e cinco (75) preguntas tipo test, máis tres de reserva, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta. O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. A duración máxima da proba será de 120 minutos.

PROFESOR/A DE PRÁCTICAS DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS

Exercicio tipo test sobre o temario de programa que figura no anexo III. A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario teórico de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis tres de reserva, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta. O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. A duración máxima da proba será de 90 minutos.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal. A data da proba será anunciada no DOG e na web da Axencia cunha antelación mínima de trinta días e non terá lugar antes dos cinco (5) meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo da Axencia Turismo de Galicia.

As anulacións das preguntas ou a corrección do modelo de respostas acordadas polo tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes presentaren nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba, publicaranse no DOG.

O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicarase no portal web da Axencia Turismo de Galicia. Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os

efectos de alegacións, a contar desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da exposición do resultado das probas na páxina web.

2. Defensa unidade didáctica.

O persoal aspirante que superou a primeira proba realizará esta segunda proba, que terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente:

Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

A proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica referida a parte específica do temario (anexo II ou III segundo a praza á que se presente).

A persoa aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por ela mesma, do temario da especialidade. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os resultados de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula, as competencias traballadas, a cronoloxía, o tempo estimado de carga de traballo para o alumno/a e os seus procedementos de avaliación.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da programación, a exposición da unidade didáctica (impartición dunha clase) e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante comezará coa defensa da programación didáctica presentada, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación impartirá unha clase sobre algún dos contidos incluídos na unidade didáctica, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

Esta proba valorarase globalmente de cero a vinte puntos; o persoal aspirante deberá alcanzar, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a dez puntos.

O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicarase no portal web da Axencia Turismo de Galicia. Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, a contar desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da exposición do resultado das probas na páxina web.

Segunda Fase: Concurso

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

III.1.1) Méritos a valorar

III.1.1.1 a) Experiencia profesional, un máximo de trinta (30) puntos.

a) Experiencia profesional docente acreditada no CSHG, na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, a razón de 0,250 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.

b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración distinta do ente convocante na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos. ou por 0, 125 puntos segundo corresponda.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

III.1.1.1 b) A experiencia profesional no ente convocante apreciarase de oficio pola mesmo mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal do mesmo.

III.1.1.2) Outros méritos ata un máximo de 10 puntos.

a) Formación, un máximo de sete puntos e medio (7,5) puntos.

- Por posuír o título de doutoramento, 3 puntos
- Cursos de formación. A puntuación máxima deste apartado será 4,5 puntos.

Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia ou das entidades que figuran no anexo IV da presente convocatoria; cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; e cursos impartidos por Universidades. Cursos impartidos polo CSHG.

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,025

puntos cada hora de formación, ata un máximo de 2,5 puntos por curso.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP é orientativo, pódese variar.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

A modular polo ente en relación ao sentido do que se sinala

b) Galego: ata un máximo dous puntos e medio (2,5) puntos.

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 2 puntos.

- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2,5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

III.2. Os méritos enumerados nas bases III.1.1 deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza polo ente convocante e cuxo anuncio de exposición na paxina web da Axencia que será publicado no DOG.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

III.4. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do último exercicio, as persoas aspirantes deberán presentar, de conformidade co sinalado no procedemento a que se refire o punto anterior, a documentación relativa á fase de concurso.

III.5. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Dirección Xeral da Función Pública, e publicaráa no DOG, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no DOG da baremación definitiva da fase de concurso.

III.6. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Para poder superar o proceso selectivo será necesario acadar unha puntuación mínima de trinta (30) puntos.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

IV. Tribunal

IV.1 O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución do órgano convocante, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de

Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada ao órgano convocante.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

IV.3. A autoridade convocante publicará na paxina www do ente convocante a orde correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

IV.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal ou comisión de selección no DOG ou do remate de presentación de solicitudes de establecidos os mesmos na presentes bases. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.

IV.6 O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

IV.7. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

IV.8. A Presidencia do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da proba de galego sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluirá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración da dita proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

IV.9. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular do órgano convocante.

IV.10. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

O órgano convócate determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá ampliálo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

IV.12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.2.9.

IV.13. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse á persoa titular do órgano convócate.

V. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

V.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración ou entidade convócate.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da entidade convócate.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Nos procesos mediante o sistema de concurso – oposición, o segundo criterio de desempate será a puntuación obtida na fase de oposición.

V.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución propondrá o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

VI. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a dirección da Axencia Turismo de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modelo de solicitude:

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO:

| |
|--|
| |
|--|

DATOS PERSOAIS

| | | | | | | | |
|---------------|----------------|------------------|--------------------|-----------------|------------|-------|-------|
| NOME | | PRIMEIRO APELIDO | | SEGUNDO APELIDO | | NIF | |
| | | | | | | | |
| TIPO | NOME DA VÍA | | | NUM | BLOQ | ANDAR | PORTA |
| | | | | | | | |
| PARROQUIA | | | | LUGAR | | | |
| | | | | | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | | CONCELLO | | LOCALIDADE | | |
| | | | | | | | |
| TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | | CORREO ELECTRÓNICO | | | | |
| | | | | | | | |

| | |
|-----------------|--|
| IDIOMA DO EXAME | |
|-----------------|--|

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Copia do D.N.I
- Documentación que acredita a condición de familia numerosa.
- Documentación que acredita a condición de persoa con discapacidade
- Documentación que acredita a condición de persoa demandante de emprego
- OUTRA (Méritos)
-
-

Lugar e data:
Sinatura

Asdo.:

ANEXO II

Parte xeral

1. Constitución española do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.
3. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno.
4. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
5. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia.
6. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.
7. Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Defensor do Pobo de Galicia.
8. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.
9. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
10. Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
11. Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia.
14. Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
15. Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
16. Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
17. Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

18. Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Títulos II e IV.
19. Real decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar, capítulo V sección 1ª e capítulo VIII do título I e título II.
20. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
21. Lei 9/2017 de contratos do Sector Público. Libros I e II.
22. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
23. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Parte ESPECIFICA

1. A Administración turística do Estado: estrutura orgánica. O Instituto de Turismo de España: estrutura e funcións.
2. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo: antecedentes, regulación e análise. A axencia turismo de Galicia: estrutura e funcións.
3. A LEI 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia: estrutura e contido.
4. Vías de contaminación física e riscos químicos que poden estar presentes nos alimentos: sustancias tóxicas naturais, contaminantes de orixe biótico e abiótico.
5. Contaminación química resultante da tecnoloxía alimentaria: nitrosaminas, hidrocarburos aromáticos, acrilamida, materiais plásticos.
6. Aditivos alimentarios: Características, lexislación e clasificación.

7. Perigos biolóxicos de orixe bacteriano e enfermidades de transmisión alimentaria que producen: salmonella, listeria, campilobacter, clostridium botulinum y perfinges, E. Coli...
8. Enfermedades alimentarias transmitidas por virus e parásitos: rotavirus, virus de la hepatitis A, triquinella, anisakis...
9. Regras hixiénicas do manipulador de alimentos.
 - Requisitos dos manipuladores
 - Habitos de hixiene persoal
 - Guía de boas prácticas hixiénicas
 - Vixilancia médica do manipulador
10. Recepción, almacenamento e transporte dos alimentos.
 - Controis xerais e especiais por grupos de alimentos.
 - Características do envasado, almacenamento e transporte dos alimentos
11. Métodos de conservación dos alimentos.
 - Métodos de conservación física: refrixeración, conxelación, pasteurización, en atmósfera protexida...
 - Métodos de conservación química: salazón, acidificación, fermentación, curado...
12. Sistema de autocontrol de análise de perigos e puntos de control crítico.
 - Prerrequisitos.
 - Análise de perigos e medidas preventivas.
 - Establecemento de límites críticos e sistema de vixilancia.
 - Adopción de medidas correctoras.
13. Alerxias e intolerancias alimentarias.
 - Diferenzas entre alerxias e intolerancias alimentarias.
 - Prevalencia e principais alimentos causais.
 - Implantación do plan de xestión de alérxenos en hostelería

14. O sector da restauración colectiva:

Principais indicadores, evolución do sector e modelos de xestión.

Sistemas de produción e distribución de alimentos en colectividades.

15. Requirimentos de macronutrintes y recomendacións nutricionais: hidratos de carbono ou glúcidos, lípidos ou graxas, proteínas e auga.

16. Requirimentos de micronutrintes y recomendacións nutricionais: vitaminas e minerais.

17. Grupos de alimentos: clasificación, características e composición.

18. Operacións e procesos de tecnoloxía culinaria.

Unión de ingredientes

Cocción en medio acuoso e graxo.

Coccións mixtas e especiais

19. Alimentación saudable

- Ferramentas de educación nutricional: pirámides da alimentación e prato saudable de Harvard.
- Errores e mitos da alimentación.

20. Etiquetado nutricional: interpretación da información nutricional e identificación dos produtos alimenticios.

21. Planificación de menús saudables.

22. A alimentación na muller: embarazo, lactancia e menopausia.

23. A alimentación na infancia e adolescencia: lactante, preescolar e escolar.

24. A alimentación na terceira idade.

25. Dietoterapia na diabetes, hipercolesterolemia e hipertensión arterial.

26. Dietoterapia en enfermidades dixestivas ou con síntomas dixestivos: enfermidades inflamatorias intestinais, gastritis, colitis ulcerosa, estreñimento e diarrea.

27. Hábitos de consumo.

- Factores que inflúen na elección dos alimentos: fisiolóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos.
- Consumo sostible e responsable.

ANEXO III

Parte xeral

1. Constitución española do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.
3. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno.
4. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
5. Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia.
6. Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.
7. Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Defensor do Pobo de Galicia.
8. Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.
9. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
10. Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
11. Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia.
14. Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
15. Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
16. Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
17. Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

18. Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Títulos II e IV.

19. Real decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar, capítulo V sección 1ª e capítulo VIII do título I e título II.

20. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

21. Lei 9/2017 de contratos do Sector Público. Libros I e II.

22. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

23. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Parte ESPECIFICA

28. A Administración turística do Estado: estrutura orgánica. O Instituto de Turismo de España: estrutura e funcións.

29. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo: antecedentes, regulación e análise. A axencia turismo de Galicia: estrutura e funcións.

30. A LEI 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia: estrutura e contido.

31. Introducción ao departamento de servizos: A profesión de servizo, Contorna de servizo, Sectores do departamento de servizo, Organigrama xeral do departamento de servizo, Funcións e responsabilidades do persoal de servizo, Elaboración de horarios e quendas de traballo, Organización do servizo

32. As empresas hostaleiras e os seus clientes: clasificación das empresas de restauración

33. Mecánica do comedor: limpeza de mobiliario e maquinaria propia do restaurante, montaxe de aparadores, facer pedidos e reposición de material funxible, colocación de moletóns e manteis, montaxe e decoración de mesas

34. Reserva de mesas: organización e control de reservas, o libro de reservas, recepción de clientes con reserva e sen ela, acomodo de clientes

35. A venda e as súas técnicas

36. Servizo de mesas: accións á hora de tomar un rango, servizo de bebidas (viños e augas), decantados de viños de reserva e gran reserva
37. Introducción á área de produción: tipos de cociña, distribución e organización dunha cociña, os fondos de cociña e salsas básicas
38. Hixiene e manipulación de alimentos: principais vías de contaminación de alimentos, enfermidades de transmisión alimentaria, regras hixiénicas do manipulador de alimentos
39. O Departamento de compras: Análise do posto de compras, Relación con provedores, controis na recepción de mercadorías
40. Controis de produción e custos: escandallo do produto e rendementos, a ración e a ficha técnica, custos de fabricación, determinación do p.v.p.
41. Os orzamentos: elaboración e control de orzamentos, viabilidade de control, análise de rendibilidade, indicadores para a xestión